

PORQUE A RECUPERACIÓN DA RÍA E A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO NON PODEN AGARDAR MÁIS... APOIEMOS A MARCHA CONTRA CELULOSAS

O urxente é trasladar Celulosas, recuperar e protexer a ría, ordenar o urbanismo. En definitiva, debemos deixar atrás modelos depredadores e especuladores e recuperar a natureza, o territorio, polos cidadanos.

Xaime Domínguez Toxo. Presidente do Ateneo de Pontevedra

O traballo crea riqueza. O capitalismo salvaxe a destrúe. En defensa do traballo e o disfrute social da riqueza.

ENCE FORA DA RÍA!

Miguel Cuña. CGT-Pontevedra

As confrarías só reclamamos respecto e consideración ó traballo dos seus socios e ó medio onde se desenvolve, que está sendo destruído de forma sistemática co beneplácito da clase política e os gobernantes de turno.

Jesús Lorenzo. Patrón maior da Confraría de Pontevedra.

Pontevedra é boa vila pero ENCE fai correr a quen pasa !!!

Kiko Da Silva. Debuxante.

Como en una carrera de fondo, la APDR lleva más de 20 años luchando por una ría sana a la espera de que los políticos atiendan las reclamaciones de una ciudadanía cada vez más consciente e involucrada en la defensa del medio ambiente.

Manuel Rosales Touza. Campeón del mundo de fondo.

Plantar eucaliptos para obter celulosa non é malo. O malo é facelo de forma descontrolada, ocupando espazos que deberían servir para recuperar os bosques perdidos. A plantación desas árbores pirófitas incrementa o risco de incendio de forma inaceptable. É de sabios rectificar, e agora é o momento.

Adolfo Cordero. Catedrático de Ecoloxía da E.U. de Enxeñería Forestal. Universidade de Vigo.

A APDR ten un compromiso decidido coa cultura ambiental, coa recuperación da Ría. O apoio á Marcha do sábado 5 de xuño é unha obriga para calquera que crea neste obxectivo.

Adelaida Lorenzo. Directora da Escola de Restauración de Pontevedra.

O emprazamento da fábrica foi un tremendo erro do que non me sinto responsable, pero agora si, agora sintome responsable de conseguir ou non , que esta fábrica saia da Ría xa.

Elvira Santos Pena. Mulleres Cristiás Galegas.

marcha contra celulosas
sábado, 5 de xuño
saída ás 19:30 das alamedas de Marín e Pontevedra